



## FICHA RESUME

403A 2008/2-5

<b>Ano</b>	2009
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACION DE MOLUSCOS BIVALVOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓN
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO A PÉ

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>R.decussatus</i> ), ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R.philippinarum</i> ), berberecho ( <i>C.edule</i> ), carneiro ( <i>V.verrucosa</i> ), caramuxo ( <i>L.littorea</i> ) e reloxo ( <i>D.exoleta</i> ).
<b>Ambito do plan</b>	Foz do río Miñor, praia Ladeira, praia do Burgo, praia de Santa Marta, Paseo da Lonxa, praia Ribeira, praia Barbeira.
<b>Subzonas de explotación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Foz do río Miñor-Ladeira (esteiro da Foz do Miñor e punta da praia de Ladeira)</li> <li>Boca da Foz do río Miñor (por fora da liña imaxinaria que une Monte Lourido e extremo norte da praia de Ladeira)</li> <li>Praia de Santa Marta</li> <li>praias de Baiona (praia do Burgo, praia de Santa Marta, Paseo Lonxa, praia da Ribeira e praia Barbeira).</li> </ul>

## Participantes no plan de explotación

<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
25		
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>NON</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

## Calendario de explotación

<b>Días máximos de extracción</b>	100										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> : de xaneiro a abril e de xullo a decembro, cunha veda de dous meses consecutivos, en maio e xuño, excepto días puntuais nos que se poda extraer berberecho na Foz do Miñor con destino a industria de transformación.											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b> : A PÉ											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X			X	X	X	X	X	X

<b>Especies</b>	<b>A pé (kg/mariscadora/día)</b>
Ameixa fina	3 kg
Ameixa babosa	2 kg
Ameixa xaponesa	5 kg
Berberecho	20 kg
Reloxo	Establecerase na resolución de apertura
Carneiro	2 kg
Caramuxo	5 kg

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo



<b>Artes a empregar</b>	Sacho e rastrillo
-------------------------	-------------------

<b>Puntos de control</b>	Rampla de Ruíz, praia de Santa Marta e lonxa de Baiona.
--------------------------	---

<b>Puntos de venda</b>	Lonxas de Baiona e Vigo.
------------------------	--------------------------

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>		X	X			X	X					
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>									X	X		
Zonas: Boca da Foz												
Especies: ameixa fina e ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas: Esteiro da foz (barra arenosa)												
Especies: berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas: ámbito do plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Otros</b>												
Zonas: Limpeza de <i>Sargassum muticum</i> Mellora da calidade do substrato : descompactación e aireación.												

<b>Outras consideracións <sup>(9)</sup></b>
<p>ESPECIES: Exclúese a cadelucha como especie explotable tendo en conta que segundo consta no plan, nos datos da última mostraxe realizada no se atopou ningún exemplar, e que segundo o informe técnico esta especie foi explotada anteriormente. A entidade obtivo unha subvención para un proxecto colectivo de xestión integral na que se preveía a sementeira de 400.000 unidades de cadelucha (800 kg) entre os anos 2006-2007, sen embargo esta actuación non foi realizada.</p> <p>Exclúese a ostra plana das especies explotables, por non figurar nos obxectivos de produción, no calendario de explotación, nos topes de captura e nas vendas dos últimos 7 anos. Tamén se exclúe o marolo por non figurar vendas en lonxa dende hai anos.</p>



**ÁMBITO DO PLAN:** Foz do río Miñor, praia Ladeira, praia do Burgo, praia de Sta. Marta, paseo da lonxa, praia Ribeira e praia Barbeira. Exclúesen as praias de Panxón e América ao non autorizarse a coquina como especie explotable.

A zona de traballo inclúe o estuario do río Miñor, que na zona delimitada pola liña imaxinaria que une o extremo norte da praia de A Ladeira co Monte Lourido hacia o interior está clasificado como zona de produción tipo como C, segundo a Orde do 8 de setembro de 2006 pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Segundo o establecido no artigo 2º.2 da Orde de 8 de setembro de 2006 "o tratamento a que deben ser sometidos os produtos en función da clasificación da zona de produción será o establecido na sección VII do anexo III do Regulamento (CE) 853/2004, do 29 de abril ou na normativa que a modifique ou substitúa".

**TOPES DE CAPTURA:** Na ficha resumo do plan de explotación para o ano 2008 recomendábase que se realizase un control máis estrito das tallas de extracción das distintas especies de ameixas ante os resultados das mostraxes en lonxa. Ademais sinalábase que en caso de que a captura de individuos de tamaño pequeno fose elevada se diminuírían os topes de captura.

Á vista dos datos das mostraxes de tallas en lonxa, da CPUE e dos resultados nas mostraxes nos bancos que reflicten un descenso da densidade, diminúense os topes de captura quedando:

- Ameixa fina: 3 kg/mariscadora/día.
- Ameixa babosa: 2 kg/mariscadora/día.
- Ameixa xaponesa: 5 kg/mariscadora/día
- Berberecho: 20 kg/mariscadora/día
- Caramuxo: 5 kg/mariscadoar/día

**CALENDARIO:** Os días máximos autorizados redúcense a 100, establecéndose unha veda de dous meses consecutivos en maio e xuño para evitar o incremento do esforzo pesqueiro nos bancos incluídos na zona clasificada como B, dado que a clasificación da Foz do Miñor como zona C impide que alternen zonas como se estaba facendo ata o cambio de catalogación. No plan presentado recoñécese que a Boca da Foz (zona de produción tipo B) é pequena e non pode soportar unha extracción moi continuada. Sen embargo, en maio e xuño poderá extraerse berberecho na Foz do Miñor en días puntuais con destino á industria de transformación

**ARTE:** As ganchas e rastros non son artes de marisqueo a pé contempladas no Decreto 424/1993, polo que o seu emprego so poderá autorizarse mediante un plan experimental. Aceptase o emprego da técnica da burata como método de extracción

As labores de traslados non se considerarán axeitadas mentres non se presente unha programación dos traballos a realizar, indicando as especies, zonas concretas con coordenadas xeográficas e calendario de actuacións. Nese momento procederase á súa valoración técnica polo biólogo-a de zona e ao establecemento das condicións nas que se autorizaría a actividade, no seu caso.

A repoboación de cadelucha non se pode valorar por non estar desenvolta. A súa autorización requiriría dunha planificación axeitada e da modificación da zona do ámbito do plan.



Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Recoméndase que antes da aplicación do réxime sancionador por incumprimento das normas do plan, a agrupación de mariscadoras a pé elabore e aprobe o regulamento de réxime interno.

Deberán presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan e das subzonas de explotación que foron requiridas pola delegación territorial en data 31.10.2008.

---

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negrita o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración

---